

CARTA DE AMOR

Kinuyo Tanaka, 1953

1115

ESTREA EN NUMAX: 30.05.2023 | V.O.S.E. | 98 min

Reikichi Mayumi atopa un novo traballo cinco anos despois do remate da Segunda Guerra Mundial. Vai escribir cartas de amor doutras persoas. As súas ideas sobre o amor e os seus principios amorosos poranse a proba cando atopa a súa ex-moza, Michiko, unha muller cun pasado escuro marcado pola guerra.



Filmes como cartas

Por Pablo García Canga

Podemos imaxinar esta situación: A envíalle a B un sobre e nese sobre non hai máis que un DVD. Nin carta nin ningunha outra sinal. Tan só un DVD. E nese DVD un filme, *Carta de amor* de Kinuyo Tanaka. O filme é de 1953, A e B naceron moito despois, non son xaponeses e nin sequera viron algún filme xuntos. Pero o filme, claro, é unha mensaxe de A a B. Quizais A lle falou hai tempo a B. Non de calquera maneira. A falloulle a B estando convencido de que era B quen lle fallaba. E en realidade A estaba terriblemente equivocado. A estaba cego á realidade de B. A quixo a B sen vela nunca tal e como realmente era. A quixo unha imaxe e cando esta rompeu non soubo amar a realidade. Quizais sexa así. Nese caso o DVD é un signo que vén a ser algo así como un “perdoa”, como un signo de lucidez tardía. E que pretende A enviando o DVD? Recuperar a B? Ou tan só admitir o erro, corrixir se non o pasado si polo menos a ferida que este fai no presente? Non o sabemos. Quizais A tampouco o sabe.

O que conta o filme é e non é o que eles viviron. Non son as circunstancias, pero si a forma xeral. E quizais A non comprendeu realmente o que viviron ata que viu o filme. O cinema pode ser iso, dar unha distancia, revelar o sentido que na propia vida, vista desde dentro, estaba demasiado confuso. Imaxinemos a A vendo o filme por primeira vez. Que ve? Unha historia afastada, doutro tempo e doutro país. Ve a Reikichi, pobre e mal afeitado, no Xapón da posguerra. Un día atopa un vello amigo da escola naval que lle propón unirse ao seu pequeno negocio.

Reikichi resolve así o seu problema económico. E o seu problema amoroso? Non ten moza nin amante nin busca muller. Vive na lembranza do seu primeiro amor, Michiko, un amor deses que comezaron na infancia e que o tempo e o medrar non puideron desfacer. Logo viñeron a guerra e a distancia, e ela, coaccionada pola súa familia, casou con outro home, e logo enviuvou, e non se soubo máis dela. E todo isto deixouno un pouco ferido, iso parece dicirnos a súa cara como de can triste, roldando a estación de trens coa esperanza de que un milagre suceda e de súpeto, no medio da multitude, apareza o rostro dela.

(...) O filme remata e A pasa os días seguintes sentíndose bastante feliz. Ata se ve guapo, mírase no espello e ve unha cara de fermoso can triste. Pensa moito en B. E unha tarde grava un DVD, méteo no sobre e, nun xesto que cre desinteresado, nun xesto que quere crer belo, envíallo a B. Quizais o DVD nunca chegue ao seu destino. Cambio de dirección. Un carteiro cleptómano. Unha catástrofe aérea. Todo pode suceder. O raro é que as cartas cheguen ao seu destino. Sucede case sempre, pero non deixa de ser raro. Ou quizais si, quizais o DVD chega a B. Ve o filme e gústalle e entende a mensaxe: polo menos A cambio, levoulle un tempo pero cambiou. E o máis probable é que B non responda, que non envíe unha carta nin dea sinal algunha.

E se B responde, quizais lle envíe a A outro DVD, quizais lle envíe un vello filme indio, que a ela lle fixo pensar nel, *O covarde* (Satyajit Ray, 1965) e sexa como o final dese filme, un reaparecer na estación, apenas un instante, apenas unha pregunta, “Devólvesme as miñas pastillas para durmir? Aquí son moi difíciles de conseguir”. E volta a desaparecer na noite. E a A se lle quede un aceno indefinido na súa cara de orgulloso can vareado.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Breve ensayo sobre la carta,
Laía Argüelles Folch.
Temporal, 2021

Quiero escribirte esta noche una carta de amor,
Ángeles Caso.
Lumen, 2019

Cartas como películas,
VV. AA.
La Fábrica, 2021